REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

Día: 28.02.2017 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 28 de febreiro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais

1.1 4117 (10/POC-000707)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a valoración da CRTVG a propósito da sentenza da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que condenou a entidade por vulneración do dereito á conciliación laboral e as medidas previstas para evitar que se volvan producir situacións semellantes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 59, do 03.02.2017

1.2 4487 (10/POC-000767)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as razóns da non emisión pola Televisión de Galicia de información respecto da rolda de prensa levada a cabo o día 2 de febreiro de 2017 pola portavoz de Xustiza dun grupo parlamentario en relación coa situación actual do Consello Consultivo de Galicia e o cesamento do seu presidente
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017

1.3 4585 (10/POC-000782)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre o investimento que realiza a TVG en programación infantil e xuvenil e as previsións da CRTVG respecto da posta en marcha dalgunha estratexia global de colaboración cos centros de ensino orientada especificamente á promoción da lingua galega entre a mocidade e a infancia, así como o prazo para a divulgación de programación infantil e xuvenil do ámbito lusófono, de acordo co disposto na Lei 1/2014 para aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017

1.4 4747 (10/POC-000820)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia respecto da denegación a unha traballadora da CRTVG da mudanza de quenda para facer efectivo o seu dereito á conciliación da vida laboral e familiar

PARLAMENTO
DE GALICIA

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017

1.5 4957 (10/POC-000863)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis
Sobre o tipo de servizos que prestan ás persoas usuarias a páxina web llega800.com e o número de teléfono 900 833 999, creados para resolver as cuestións relacionadas coa calidade do sinal de televisión que poida producirse tras a implantación do 4G móbil, os datos referidos ao seu impacto nos fogares e o custo da adaptación das antenas para unha boa recepción. (Procedemento de urxencia)
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 66, do 15.02.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2017

Aurelio Alfonso Núñez Centeno
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P

Vicepresidenta

María Ángeles Antón Vilasánchez	P

Secretaria

Paula Vázquez Verao	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
Jacobo Moreira Ferro	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Moisés Rodríguez Pérez	P

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 28.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 28.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 4117(10/POC-000707)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración da CRTVG a propósito da sentenza da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que condenou a entidade por vulneración do dereito á conciliación laboral e as medidas previstas para evitar que se volvan producir situacións semellantes

Publicación da iniciativa, 59, 03.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 17:08
Nº Rexistro: 4117
Data envio: 26/01/2017 17:08:20.726

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e **Luis Manuel Alvarez Martínez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG.**

Recentemente coñecíamos un fallo, con data do 16 de xaneiro, no que a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia condenaba á CRTVG a indemnizar con máis de 2.000 euros a unha traballadora por vulneración do dereito á conciliación laboral, ao tempo que se recoñecía o seu dereito a traballar en horario de fin de semana. Tamén condena á entidade a aboar os gastos de gardería no tempo en que non foi respectado o exercicio deste dereito.

Esta traballadora reclamara en numerosas ocasións dende mediados de 2015 o cambio á xornada de fin de semana na delegación de Lugo, co fin de conseguir unha mellora na súa conciliación laboral, dado que ten unha filla pequena, unha nai en situación de dependencia, e padece xaquecas, cuestión denegada pola CRTVG.

Na sentenza, a sala argumenta que a compañía utilizou un informe médico da mutua "a conveniencia para xustificar a denegación do exercicio de conciliación da traballadora". De feito, apunta que impedir baseándose en recomendacións médicas o exercicio deste dereito "supón unha inapropiada actitude paternalista descoñecedora tanto da decisión de autodeterminación da traballadora demandante coma do carácter constitucional do dereito de conciliación".

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a CRTVG da sentenza da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) que condenou a entidade por vulneración do dereito á conciliación laboral?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 17:08
Nº Rexistro: 4117
Data envio: 26/01/2017 17:08:20.726

2. Ten previsto a CRTVG recorrer dita sentenza do TSXG?
3. En caso afirmativo, cal é o motivo da presentación de dito recurso?
4. Que medidas ten previsto poñer en marcha a CRTVG para que non volvan a producirse vulneracións dos dereitos á conciliación laboral dos traballadores e traballadoras ao seu servizo?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Luis Manuel Alvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 26/01/2017 17:07:11

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 26/01/2017 17:07:18

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 28.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 4487(10/POC-000767)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as razóns da non emisión pola Televisión de Galicia de información respecto da rolda de prensa levada a cabo o día 2 de febreiro de 2017 pola portavoz de Xustiza dun grupo parlamentario en relación coa situación actual do Consello Consultivo de Galicia e o cesamento do seu presidente

Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2017 12:45
Nº Rexistro: 4487
Data envio: 03/02/2017 12:45:56.169

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luis Manuel Alvarez Martínez e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG.**

O mércores día 2 de febreiro, este grupo parlamentario convocaba unha rolda de prensa da portavoz de Xustiza para falar de asuntos relacionados coa súa área, é dicir, convocaba unha rolda de prensa específica e para un fin tamén específico, en concreto, a situación actual do Consello Consultivo de Galicia e o cese do seu presidente. Cómpre indicar que, na mencionada rolda de prensa, non se citaron nin filtracións nin opinións persoais, senón datos contrastados, aportando ademais unha sentenza de condena ao Consello Consultivo por decisións do seu presidente e as iniciativas que este grupo parlamentario ten rexistrado ao efecto.

Medios de comunicación de ámbito galego e tamén nacional estiveron na rolda, polo que a noticia saíu nos principais medios de Galicia e de España.

Non obstante, e significativamente, a Televisión de Galicia (TVG), medio de comunicación público, nos telexornais de mediodía e do serán non dixo nin unha palabra sobre o acontecido, o que non é máis que unha mostra da censura que leva poñendo en marcha a directiva da TVG dende a chegada ao poder do presidente Feijóo e da manipulación informativa sistemática que se realiza nos informativos da TVG. O Grupo Parlamentario Socialista considera imprescindible que a dirección da CRTVG dea explicacións desta nova manipulación que non ten outro fin que ocultar á cidadanía galega calquera tipo de crítica, neste caso referente ao "órgano asesor de máximo nivel" da nosa Comunidade Autónoma.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2017 12:45
Nº Rexistro: 4487
Data envio: 03/02/2017 12:45:56.169

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Lamentamos que a dirección da CRTVG siga mantendo unha liña de actuación que claramente está situada na ocultación de datos á sociedade galega e funciona como un apéndice ao servizo do Goberno e do PP. É para nós unha clara vulneración da legalidade vixente e das obrigas dun medio público que debería funcionar baixo parámetros democráticos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son as causas que motivaron que a TVG non dixese nin unha soa palabra sobre a rolda de prensa da portavoz de Xustiza para falar da situación actual do Consello Consultivo de Galicia e do cese do seu presidente, acontecida o día mércores día 2 de febreiro?
2. Considera o director xeral da CRTVG que esta noticia, relativa ao "órgano asesor de máximo nivel" da nosa Comunidade Autónoma, non ten a suficiente relevancia para ser noticia na TVG? Se a resposta fose positiva, por que?
3. Por que a TVG non reflectiu un feito que saía en todos os demais medios de comunicación, mesmo de ámbito nacional?
4. É consciente a dirección da CRTVG que este tipo de prácticas danan a credibilidade e valoración social deste medio público?

Pazo do Parlamento, 3 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luis Manuel Alvarez Martínez
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/02/2017 12:41:43

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2017 12:45
Nº Rexistro: 4487
Data envio: 03/02/2017 12:45:56.169

Grupo Parlamentario

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 03/02/2017 12:41:49

Noela Blanco Rodríguez na data 03/02/2017 12:41:56

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 28.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 4585(10/POC-000782)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre o investimento que realiza a TVG en programación infantil e xuvenil e as previsións da CRTVG respecto da posta en marcha dalgunha estratexia global de colaboración cos centros de ensino orientada especificamente á promoción da lingua galega entre a mocidade e a infancia, así como o prazo para a divulgación de programación infantil e xuvenil do ámbito lusófono, de acordo co disposto na Lei 1/2014 para aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía

Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2017 17:17
Nº Rexistro: 4585
Data envio: 06/02/2017 17:17:35.181

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e **Ánxeles Cuña Bóveda,** deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na Comisión da **CRTVG.**

Os últimos estudos sobre coñecemento e uso do galego publicados en 2014 amosan a perda continuada e constante de persoas galego falantes. Así, **en 2013, só un 31,2% da poboación galega falaba sempre en galego**, fronte ao 43% que o facía 10 anos antes.

Estes mesmos datos, divulgados polo IGE, recollen que **case o 75% das e dos menores de 15 anos falan sempre ou principalmente o castelán**. Por outra banda, os nenos e nenas de 5 a 14 anos que falan só ou predominantemente en galego pasaron de ser o 40,3% en 2003 ao 25,11 en 2013.

O castelán é o idioma predominante para ver **televisión** (80%), ler a prensa impresa (96%) ou escoitar a **radio** (84 %) en Galiza.

A enquisa publicada en 2014 tamén recolle que **máis da metade das persoas entrevistadas reclaman unha maior presenza e contidos en galego na televisión, radio, internet e máis produción cultural en galego**.

Ante a evidencia da continua e alarmante perda de persoas galego falantes e a práctica desaparición de menores galego falantes e considerando que a CRTVG non está cumprindo de xeito pleno a súa función de achegar programación

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2017 17:17
Nº Rexistro: 4585
Data envio: 06/02/2017 17:17:35.181

infantil e xuvenil de calidade en galego nin aproveitando todas as potencialidades dos recursos da web, as deputadas que subscriben preguntan:

- Que entende a Dirección da CRTVG por programación infantil e xuvenil de calidade?
- Canto inviste a TVG en programación infantil e xuvenil?
- Considera suficiente a oferta específica de programación xuvenil na TVG?
- Hai algunha estratexia para competir coa programación infantil e xuvenil en castelán?
- Ten previsto a CRTVG algunha estratexia global de colaboración cos centros de ensino orientada especificamente á promoción da lingua galega entre a mocidade e a infancia, alén do Programa Nós Tamén Creamos?
- Cando ten previsto a CRTVG a divulgación de programación infantil e xuvenil do ámbito lusófono, de acordo co artigo 4.2. da Lei 1/2014 para aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía?
- Como valora a pobre presenza na web do Xabarín Club e o escaso aproveitamento das potencialidades que o acervo deste proxecto ofrece para a normalización lingüística?

Santiago de Compostela, a 6 de febreiro de 2017.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2017 17:17
Nº Rexistro: 4585
Data envio: 06/02/2017 17:17:35.181

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 06/02/2017 17:15:57

Paula Vázquez Verao na data 06/02/2017 17:16:26

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 28.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 4747(10/POC-000820)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia respecto da denegación a unha traballadora da CRTVG da mudanza de quenda para facer efectivo o seu dereito á conciliación da vida laboral e familiar

Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 13:22
Nº Rexistro: 4747
Data envio: 08/02/2017 13:22:52.434

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG,** relativa á sentenza que condena á CRTVG por vulnerar o dereito de igualdade das mulleres.

O TSXG condenou a CRTVG por vulnerar o dereito de igualdade das mulleres no caso dunha traballadora á que lle foi negada a mudanza de quenda para facer efectivo o seu dereito á conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

No fallo sinálase, de facto, o uso da Mutua Mugrata para xustificar a vulneración do dereito ao considerar o TSXG que "hai datos fácticos que permiten considerar que as conclusións emanadas do recoñecemento [médico] foron utilizadas a conveniencia para xustificar a denegación do exercicio do dereito".

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG:

1. Que valoración fai a Dirección Xeral da CRTVG da sentenza?

2. Que medidas prevé adoptar despois da sentenza xudicial a CRTVG?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 13:22
Nº Rexistro: 4747
Data envio: 08/02/2017 13:22:52.434

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Prevé a CRTVG iniciar algún proceso interno ou habilitar algún mecanismo que impida que esta situación poida repetirse?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/02/2017 13:17:13

María Montserrat Prado Cores na data 08/02/2017 13:17:24

Ana Pontón Mondelo na data 08/02/2017 13:17:27

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/02/2017 13:17:29

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2017 13:22
Nº Rexistro: 4747
Data envio: 08/02/2017 13:22:52.434

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 08/02/2017 13:17:32

Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2017 13:17:34

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 28.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 4957(10/POC-000863)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre o tipo de servizos que prestan ás persoas usuarias a páxina web llega800.com e o número de teléfono 900 833 999, creados para resolver as cuestións relacionadas coa calidade do sinal de televisión que poida producirse tras a implantación do 4G móbil, os datos referidos ao seu impacto nos fogares e o custo da adaptación das antenas para unha boa recepción. (Procedemento de urxencia)

Publicación iniciativa vía urxencia, 66, 15.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 13:30
Nº Rexistro: 4957
Data envio: 13/02/2017 13:30:08.017

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez,Encarnación Amigo Díaz, María Antón Vilasánchez, José Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Guadalupe Murillo Solís e Aurelio Nuñez Centeno deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia**,** ao abeiro do disposto no artigo 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral Urxente en Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación de RTVG.**

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada por qué se dea coñecer canto antes o servizo que teñen a súa disposición galegos e as galegas para solventar as interferencias que poidan surxir.

Exposición de motivos:

As operadoras de móbiles veñen de crear a web *llega800.com* e o teléfono 900 833 999, para resolver cuestións relacionadas coa calidade do sinal de televisión que poidan producirse tras a implantación do 4G.

Este servizo gratuíto atende tamén os casos de interferencias nas emisións da Televisión de Galicia nalgúns lugares onde a pesar de que a canle pública autonómica emite correctamente, existen problemas coa recepción en calidade da televisión.

A orixe desta situación é que a TDT deixou de emitir nas canles da 61 á 69. Deixounas libres para que as ocupase o tan agardado servizo de 4G móbil. E no verán de 2015 as operadoras de telefonía comezaron a ocupar esas frecuencias, pero o 4G é tan potente que, ás veces, danse problemas de convivencia, interferencias.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 13:30
Nº Rexistro: 4957
Data envio: 13/02/2017 13:30:08.017

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

En relación con este asunto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes Preguntas Orais Urxentes en Comisión:

1. Que tipo de servizos presta a Web *llega800*.com e teléfono 900 833 999 aos usuarios?
2. Cales son os fogares máis afectados?
3. Afecta por igual a fibra óptica, satélite ou internet ou só a aqueles con antenas antigas?
4. Que custo ten para os propietarios das antenas as adaptacións necesarias para obter unha boa recepción do sinal de televisión?
5. Que iniciativas están a desenvolverse para dar conta deste servizo que prestan as operadoras móbiles pero do que se beneficia tamén a TVG?

Santiago de Compostela, 13 de Febreiro de 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 13/02/2017 13:26:15

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/02/2017 13:27:13

Maria Antón Vilasánchez na data 13/02/2017 13:27:23

Silvestre Balseiros Guinarte na data 13/02/2017 13:27:35

Moisés Blanco Paradelo na data 13/02/2017 13:28:00

María Guadalupe Murillo Solís na data 13/02/2017 13:28:15

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 13:30
Nº Rexistro: 4957
Data envio: 13/02/2017 13:30:08.017

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 13/02/2017 13:29:09

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com